

## O PARQUE DO PASATEMPO: CONSERVAR 1/7 DE LEGADO

*Sara Fraga Pérez*

**Investigadora en Historia da Arte**

*Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo*

**Abstract:** The *Parque do Pasatempo* is a historic garden designed by Juan García Naveira who, at the time of its splendor, combined sculptural groups with landscaped areas and small buildings as well as water pipes. This heritage is a testimony of a time, of the social types of the time when it was conceived and collected, in the same space, works of art copied from different places on the globe. Much of this garden is destroyed today, and it will be precisely this process of destruction and how it went unpunished that we will talk about in the following pages.

**Keywords:** Heritage; Legacy; Indian; Garden; Law.

**Resumo:** O Parque do Pasatempo é un xardín histórico ideado por D. Juan García Naveira que, no seu momento de esplendor, combinaba grupos escultóricos con zonas axardinadas e pequenas edificacións así como canalizacións de auga. Este ben patrimonial é testemuño dunha época, dos tipos sociais do momento no que foi concibido e recollía, nun mesmo espazo, obras de arte copiadas de diferentes lugares do globo terráqueo. A meriande parte deste xardín está destruído a día de hoxe e será precisamente deste proceso de destrución e de como quedou impune do que falaremos nas seguintes páxinas.

**Palabras chave:** Patrimonio; Legado; Indiano; Xardín; Lei.

**Resumen:** El *Parque do Pasatempo* es un jardín histórico ideado por D. Juan García Naveira que, en su momento de esplendor, combinaba grupos escultóricos con zonas ajardinadas y pequeñas

edificaciones así como canalizaciones de agua. Este bien patrimonial es testigo de una época, de los tipos sociales del momento en el que fue concebido y recogía, en un mismo espacio, obras de arte copiadas de diferentes lugares del globo terráqueo. La gran parte de este jardín está destruído a día de hoy y será precisamente de este proceso de destrucción y de como ha quedado impune de lo que hablaremos en las siguientes páginas.

**Palabras clave:** Patrimonio; Legado; Indiano; Jardín; Ley.

## 1. Introducción

A continuación tentaremos dar explicación a como o ente vivo que ía medrando que foi o Parque do Pasatempo pasou a ir morrendo pouco a pouco. Trataremos brevemente o inicio da súa construción, en 1893, a raíz dunha progresiva compra de fincas e como o parque veu o seu momento álxido durante a vida do seu artífice, D. Juan García Naveira. Mais o que nos interesa analizar é como se xestiona despois da morte de Don Juan todo o seu legado, facendo fincapé nos sucesivos acontecementos dos anos 80, que conlevarán a perda da maioría do patrimonio da parte axardinada ou parte baixa.

Temos a sorte de que o Parque do Pasatempo é un ben patrimonial bastante estudado. Faremos un repaso pola vida do Parque e polo seu significado, temática investigada por moitos autores e que podemos atopar, por exemplo, na publicación de Rey Cabezado e Canedo Barreiro, no libro de Arcay Barral e amplamente documentada no libro *El capricho de un indiano*. Tamén falaremos sobre as incidencias sobre o patrimonio, relatadas concienzudamente polo cronista oficial de Betanzos, quen colgou na súa páxina web todas as súas investigacións e documentos, poñendo a disposición de todos. A reflexión final será no sentido máis patrimonial, pode que densa, pero necesaria.

Así, o que se pretende no lector é xerar conciencia e aprendizaxe, para poder conservar de xeito sensato o que queda desta obra de arte pioneira no seu tempo.

## 2. Construción do Parque do Pasatempo e período de esplendor

*Ud. Que le gusta viajar y que tiene conocimientos y una educación que se separa elevándose de las clases elevadas de España sacaría gran provecho y gusto visitando este país de Oriente*

Esta é a frase fundacional do Parque do Pasatempo, un espazo de esparcemento creado por D. Juan García Naveira, onde o visitante podería viaxar e visitar Oriente sen saír de Betanzos.

Juan María García Naveira naceu en 1849 e a súa historia está moi ligada á do seu irmán Jesús (1853-1912), fillos dunha modesta familia de labradores betanceiros. Juan decidiu emigrar a Arxentina en 1869, seguido polo seu irmán dous anos despois buscando un futuro mellor. Alí fixeron fortuna traballando no campo do comercio e cando volveron a Betanzos decidiron investir parte da súa fortuna en melloras sociais que beneficiasen directamente ós seus veciños. Este era un patrón moi común entre os indianos, que conscientes do atraso da sociedade da que foron produto, investiron nela para mellorar as condicións de vida dos seus veciños.



Os García Naveira crearon un Patronato Benéfico-Asistencial, que en parte axudou a levantar dúas escolas, un asilo, unha escola para persoas deficientes, un sanatorio, un lavadoiro cuberto e unha Casa do Pobo para a reunión das asociacións obreiras.

A construción do Parque do Pasatempo tería dúas funcionalidades: por un lado, didáctica, porque trata de ensinar, como vimos anteriormente, oriente dende Betanzos. Por outro lado, cumpriría unha funcionalidade benéfica, na que por unha banda recadaba fondos ca venda de postais para usar os fondos no asilo que el mesmo construíu (ARCAY BARRAL, 2018: 11-12).

En 1893, Juan García Naveira comeza a construír o Parque do Pasatempo a partir de varios terreos que merca nunha zona de xunqueiras, brañas e hortas, entre a ponte do Carregal, a fábrica de coiros de “Lissarrague Etchard” e as Cascas (CABANO VÁZQUEZ et. al., 1992: 20). O resultado final foi unha especie de xardín de recreo emulando os grandes xardíns e parques públicos e privados que coñeceu nas súas viaxes. Incluíu nel esculturas e relevos que facían referencia ás súas viaxes e outras nas que se representaba a el mesmo (CABANO VÁZQUEZ et. al., 1992, 109).

O parque comezou a construírse en 1893 e o seu período de esplendor dura dende este momento (crese que arredor de 1914 estaría case completamente conformado) ata a morte de D. Juan en 1933 (CABANO VÁZQUEZ et. al., 1992: 9-10).

Na visita ó parque, o primeiro que se atopa o visitante é a *Casa Taquilla*, onde se mercaba o billete de entrada e tamén as postais benéficas. Dende alí, o viaxeiro dirixíase á Porta Principal ou dos leóns, que coidarían e protexerían o parque. Estes leóns estaban feitos de mármore de carrara copiando os do sarteiro do papa Clemente XIII do Vaticano.



Porta principal ou Porta dos Leóns. Foto Loty.

No interior, á esquerda da entrada, habería un paseo axardinado e na súa parte esquerda este organizábase xeométricamente arredor do Grupo Escultórico do monumento dos Irmáns García Naveira.




Grupo escultórico García Hermanos.

Arredor da estatua habería un paseo perimetral chamado a Avenida dos Emperadores, onde sobre pedestal de cemento se atopaban os bustos en mármore de emperadores romanos, copiados do Museo do Capitolio de Roma. Na esquina oposta á *Casa Taquilla* atopábase a Casa dos Espellos, comparable á que visitaron os irmáns en París no 1899 que tiña no seu interior espellos cóncavos e convexos (REY CABEZUDO E CANEDO BARREIRO: 594-595).



Avenida dos Emperadores.




Casa dos Espellos.

A Avenida dos Emperadores remataba na Fonte das Catro Estacións. A partires desta fonte entraríase nunha zona do xardín na que a auga era a protagonista, ocupando un gran estanque, de considerable profundidade (dise que duns 3 metros), a parte central.



Fonte das Catro Estacións.

Era de forma lobulada e denominábase Estanque dos Papas porque na balaustrada que percorría e pechaba o perímetro estaba a colección completa dos bustos dos papas dende San Pedro ata San Pío X. Este estanque estaba presidido por unha estatua do Sagrado Corazón de Xesús, coa súa iconografía tradicional. No centro do estanque emerxía unha figura feminina seminúa cunha xerra.



Estanque dos Papas.

A toda esta iconografía sacra hai que engadir inscricións con máximas morais como “Es fácil criticar, difícil ejecutar” ou “Jesucristo fue el primero socialista”.






Un regato do Mendo sería o que serviría a auga á Fonte de Neptuno, na que aparecerían representados dito deus e a súa muller Anfítrite.



Fonte de Neptuno e Anfítrite.



Moi próxima a ela estaría a Fonte da Industria e o Progreso, figura alegórica feminina. Próximas a estas habería outras dúas: as Fontes da Pescadora e a do Trovador, das que se falaba na época pero non se conserva fonte gráfica que nos axude a saber como eran.

Sobre a canle habería un paseo feito de madeira e balaustrada que conducía a un Parque Zoolóxico, onde había animais de varias especies: peixes, aves, lobos, cervos, gamos, monos e mesmo un yak. Lamentablemente, o zoolóxico mantívose poucos anos por iren morrendo os animais.

Preto do zoolóxico erguíase o Grupo Escultórico da Caridade, realizada por un artista italiano a partires do cadro de Benito Crespi *La Caridad Romana*.



Perpendicular a ela atopábase o invernadoiro de abaixo, concibido como pavillón ó xeito dos Invernadoiros do Museo de Historia Natural de París. O espazo entre o invernadoiro e a Caridade ocupábase o Xardín Dormitorio, copia do propio cuarto de D. Juan e que tiña o seu complemento no Xardín-Comedor, recortado en mirto con retratos do seu irmán Jesús e da súa filla Águeda. Sábese que tamén houbo un labirinto, pero non a súa localización exacta.



Nesta parte do parque había tamén outros pequenos xardíns que nacían arredor de fontes e estatuas, como o xardín coa Fonte Florentina. Tamén destacaba o que xiraba arredor da Estatua de Mercurio ou do Comercio.

Esta parte baixa do parque pechábase cunha reixa na súa parte occidental. Para salvar o camiño e manter unidas as dúas partes do Pasatempo, D. Juan construíu un paso elevado que arrancaba nun pavillón de arquitectura caprichosa, derrubado ó construír a estrada (CABANO VÁZQUEZ et. al., 1992: 31-41).

Calcúlase que espazo que ocuparía o parque concibido por D. Juan foron uns 90.000 metros cadrados conformados por esculturas, vexetacións e canles artificiais. Todo o explicado será a chamada “parte baixa” do parque, á que habería que engadirlle o, acuñado así por Luis Seoane en 1957, “parque enciclopédico” (Arcay Barral, 2018: 13), única parte do parque, xunto con unha fonte e unha escultura, que chegou ata os nosos días (Arcay Barral, 2018: 22). Debido a que o tema deste traballo é a destrución do patrimonio centrarémonos no proceso polo cal toda a parte axardinada non chegou ata 2019.

### 3. O Parque do Pasatempo como ben patrimonial

Este Parque identifícase, segundo a lei de Patrimonio 5/2016 como *Xardín Histórico*: espazo delimitado produto da ordenación planificada de elementos naturais e artificiais de relevante interese artístico, histórico, arquitectónico, antropolóxico ou científico e técnico (BOE, 2016: 11).

A primeira lei en recoñecer esta personalidade patrimonial é a lei de ámbito estatal do 25 de xuño de 1985, a cal será clave na historia do parque. No artigo 2 de dita lei afirmase que entre o Patrimonio Histórico Español está integrado por (VIGIL-ESCALERA PACHECO, 18):

**“... los sitios naturales, jardines y parques que tengan valor artístico, histórico o antropológico”, os cales define así no Art. 15.2: “Jardín Histórico es el espacio delimitado producto de la ordenación por el hombre de elementos naturales, a veces complementado con estructuras de fábrica, y estimado de interés en función de su origen o pasado histórico de sus valores estéticos, sensoriales o botánicos”**

No ano 1981 reúnese en Florencia o Comité Internacional de Jardines Históricos (ICOMOS-IFLA) para redactar unha carta que recollerá toda a información sobre identificación, procedemento,

conservación e restauración de xardíns históricos. O ano seguinte publicárase a chamada Carta de Florencia (1982), onde o Comité reunido o ano anterior decidiu elaborar unha carta relativa á salvagarda dos xardíns históricos que levou o nome desta cidade (INSTITUTO NACIONAL DE CULTURA DEL PERÚ, 2007: 149).

No primeiro artigo defínese o que é un xardín histórico:

*“Un jardín histórico es una composición arquitectónica y vegetal que, desde el punto de vista de la historia o del arte, tiene un interés público”. Como tal, está considerado un monumento.*

No mesmo ano 1981, o 24 de abril, o Ministerio de Cultura e a Dirección de Belas Artes, Arquivos e Bibliotecas notificaba ter incoado o expediente para a declaración do Xardín Artístico a favor do denominado “El Pasatiempo” en Betanzos, A Coruña. Isto quere dicir que se iniciou o proceso legal para declarar o Parque do Pasatempo ben patrimonial, mais non o protexía. O que si que implicou este proceso foi que dende a publicación no BOE do 27 de maio de 1981 calquera actuación no Pasatempo ou no seu entorno non podería levarse a cabo sen previa aprobación do proxecto de dita Dirección Xeral.

Esta actuación foi promovida pola ADELPHA (Asociación de Defensa Ecolóxica y del Patrimonio Histórico Artístico). O obxectivo desta iniciativa era frear o depósito de escombros no recinto, espantar ós especuladores da opción de compra dos terreos e conseguir que se pasase dunha propiedade privada a unha propiedade pública en vistas á súa rehabilitación.

A incoación provocou que o valor real da propiedade baixase considerablemente, de xeito que o concello puido mercalo por 31 millóns de pesetas, prezo aprobado no Pleno Extraordinario do 21 de febreiro de 1986 (NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, 2017).

## **2.1 Os anos 80: Unha oportunidade perdida**

Mais o interesante para nos é analizar o que supuxo para o parque o momento de desprotección institucional, o cal poderíamos equiparar co presente. Para isto, compararemos os feitos dos anos 80, relatados polo cronista oficial de Betanzos na súa propia web, cos artigos que indican o procedemento a seguir da Carta de Florencia.

Para comprender mellor como avanzou a destrución da parte baixa do parque, comezaremos analizando o Informe presentado polo cronista oficial xunto cos artigos 9 e 15 (INSTITUTO NACIONAL DE CULTURA DEL PERÚ, 2007: 150-151):

Art. 9: “La protección de los jardines históricos exige que estén identificados e inventariados. Precisa intervenciones diferentes, a saber: de mantenimiento, de conservación y de restauración. En ciertos casos, es recomendable la recuperación. La autenticidad de un jardín histórico es tanto una cuestión de diseño y proporción de sus partes como de su composición ornamental, o de la elección de los vegetales y materiales inorgánicos que lo constituyen”.

Art. 15: “Ningún trabajo de restauración y, sobre todo, de recuperación de un jardín histórico deberá abordarse sin realizar previamente una amplia investigación que incluya todos los testimonios procedentes de la excavación y la recopilación de todos los datos relativos al jardín en cuestión y a otros similares, a fin de asegurar que dicho trabajo se realiza con tal garantía científica. Antes de iniciar la ejecución de las obras, debe prepararse un proyecto basado en la antedicha investigación, el cual será sometido a consideración de un grupo de expertos para su examen y aprobación conjunta”.

Neste caso, o Cronista oficial de Betanzos informa nunha carta ó concello de todas as investigacións que leva feitas, da localización dos elementos arquitectónicos e escultóricos e de como proceder á restauración no *Informe sobre la finca del Pasatiempo* (NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, 1986): Escribe que o parque sufrira a destrución dos canais, a infiltración das augas polo roubo de tubarias en tempos difíciles, a insta publicamente ante a recuperación, pois ata o momento perderanse elementos por venda, a admisión de escombros para o recheo, levando ó Pasatempo a un estado desolador.

Malia estes desperfectos, afirma que o Pasatempo é propicio para a recuperación, pois coñecíase a localización exacta dalgúns estanques e canles que conformaban a zona dedicada a xardíns, como era o caso do estanque dos papas ou da fonte das catro estacións. Ademais, engade que debido a que está construído en cemento o seu arranxo é posible.

Neste momento seguía en bo estado a estatua da caridade, os bancos e a *Casa Taquilla*, que requiría que se arranxase inmediatamente, pois o teito estaba a pique de caer.

Plantexa, ademais, que o conxunto de elementos que quedaban poderían reestruturarse, conxuntando xardíns, zonas de recreo e enlazando coa parte superior cunha ponte sobre a estrada actual. Todos aqueles estanques que se recuperasen poderían dispoñer de auga suficiente e corrente da fonte do Escorial e outros mananciais da zona, que eran os que se viñan usando dende a construción do parque. Por outra banda, a recuperación das grutas sería posible con vigas, aguantes metálicos, cunha limpeza profunda e canalizando as augas. Ademais, sería necesaria a conservación preventiva, financiada coas aportacións dos visitantes. Neste momento xa se ofreceran diferentes escultores para poder incluír as súas obras no parque, reforzando o seu valor de xardín histórico.

En 1983 trasladouse a estatua do grupo García Hermanos conmemorando, teoricamente, o cincuenta aniversario de D. Juan García Naveira (RODRÍGUEZ ARNAO, 2019: 62). Isto provocou que o grupo escultórico perdese o sentido, pois existe un diálogo entre esta escultura e a da Caridade que deixou de ter sentido ó trasladala): a muller da estatua da caridade está aguantando un teléfono a través do que se estaba comunicando coa estatua dos irmáns, pois Don Juan está aguantando un receptor; ó mesmo tempo Jesús está sinalando o asilo, lugar onde eles exercían a caridade, executando a mensaxe que mandaba a rapaza representada na escultura inspirada no cuadro de Benito Crespi *La caridad romana* (CANEDO BARREIRO E REY CABEZUDO, 2016: 595).



Por outra banda, incumpriron o artigo 10 (INSTITUTO NACIONAL DE CULTURA DEL PERÚ, 2007: 150).

Art. 10: “Toda la operación de mantenimiento, conservación, restauración o recuperación de un jardín histórico, o de una de sus partes, debe tener en cuenta simultáneamente todos sus elementos. Separar los tratamientos podría alterar la unidad del conjunto”.

O novo emprazamento da estatua da a sensación de que se trata dunha estatua feita por un pobo agradecido aos seus benefactores, mais o desexo de Don Juan era o de perpetuar a memoria do seu irmán no seu propio parque, pois este falecera en 1912 e estímase que a estatua se colocou de forma póstuma (CABANO VÁZQUEZ et. al., 1992: 29).

No mes de xullo de 1985 incumpríranse os artigos 13 e 14 (INSTITUTO NACIONAL DE CULTURA DEL PERÚ, 2007: 150):

Art. 13: “Los elementos de arquitectura, escultura y decoración, fijos o móviles, que son parte integrante del jardín histórico no deben ser retirados o desplazados más que en la medida que lo exija su conservación o restauración. La sustitución o restauración de elementos en peligro ha de hacerse según los principios de la Carta de Venecia, y debe indicarse la fecha de toda sustitución”.

Art. 14: “El jardín histórico debe ser conservado en un entorno apropiado. Toda modificación del medio físico que ponga en peligro el equilibrio ecológico debe ser proscrita. Estas reglas se refieren al conjunto de la infraestructura, tanto externa como interna (canalización, sistemas de riego, caminos, estacionamientos, tapias, dispositivos de vigilancia, atracciones para el visitante, etc.)”.

Neste momento en teoría estarían reafirmadas as condicións de compra para a recuperación do medio, pero a realidade foi que se derribaron a *Casa Taquilla* e a *Casa dos Espellos*, situadas en esquinas opostas. Pola súa parte, os leóns que flanqueaban a entrada remataron en Covadonga e a verxa vendeuse ó propietario do pazo de Armuño, en Bergondo. A razón de ser desta actuación era a construción dun aparcamento para as instalacións deportivas que se construíran nas inmediacións da Horta de Don Juan, que a día de hoxe é a piscina municipal descuberta (NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, 2017).

Actualmente a única forma de acceder ó parque enciclopédico é mediante unha evocación feita a posteriori nas inmediacións do que fora o antigo parque, pero que leva o seu mesmo nome e que



no imaxinario popular das novas xeracións xa quedou como o Parque do Pasatempo, substituíndo as ruínas que quedan hoxe, así, violaríase o artigo 17 (INSTITUTO NACIONAL DE CULTURA DEL PERÚ, 2007: 151):

Art. 17: “Cuando un jardín haya desaparecido totalmente o sólo queden vestigios que sirvan para hacer conjeturas sobre sus sucesivos estadios, no ha lugar a emprender una reconstrucción que en modo alguno sería una intervención en un jardín histórico. En tales circunstancias, una obra que se inspirase en formas tradicionales, realizada sobre el solar de antiguo jardín o en un espacio donde nunca existió otro, respondería simplemente a campo de la evocación o de la creación original y no se le podría aplicar, en ningún caso, el calificativo de jardín histórico”.

En maio de 1986, cando por fin o concello adquire o Pasatempo o cronista oficial da cidade cóntanos o interese que había por recuperar o estanque dos papas, motivo polo que se reuniron estudantes de arquitectura, Scouts de Ferrol e outras eminencias. Para verificar que o Estanque se atopaba debaixo da maleza, abríronse zanzas de ata 25 metros, confirmando que se atopaba en perfecto estado de conservación; atopouse a fonte do sagrado corazón de Xesús enteira, o peche do estanque, gran cantidade de basas dos bustos dos papas con inscricións no seu lugar orixinario, frases proverbiais e numerosos elementos e pezas soltas ilustrativas.

Tras este descubrimento, o grupo de expertos viron clara a restauración, polo que empezaron a xestionar axudas económicas con outras entidades e oito días despois dirixiron unha carta ó alcalde do momento, Manuel Lagares Pérez. Tamén mantiveron diálogos coa Obra Social da Caixa de Aforros de Galicia e coa delegación de Lions Clubs International da Coruña, que doarían un millón de pesetas para o desescombro e restauración do estanque (NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, 2017).

Días despois procedeuse a destruír calquera físgoa que obstaculizase a conversión do Xardín Enciclopédico en solares, imposibilitando a súa declaración como Xardín Artístico de Interese Nacional ou calquera outra declaración que preservase a súa integridade.

O 10 de abril de 1989, nun acto presidido polo daquela alcalde de Betanzos, Manuel Lagares Pérez, e o presidente da Deputación da Coruña, José Manuel Romay Beccaría, con outras autoridades autonómicas e provinciais, foi presentado o proxecto e maqueta dun novo campo de fútbol para Betanzos, inaugurándose en 1991 co nome de Campo de Fútbol García Hermanos (NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, 2017).

Todo isto queda impune sen unha lexislación que ampare e castigue, por iso é fundamental que neste momento se protexa coa lei do Patrimonio de Galicia o que queda do parque, conseguindo conservar a séptima parte restante do Pasatempo.

#### 4. O Pasatempo e o significado cultural de patrimonio

O concepto de **significado cultural** estaría moi en relación ó Pasatempo por estar moi vinculado co traballo da Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo:

“Construción conceptual complexa que vincula as etapas da vida histórica dun ben patrimonial que permite comprender a súa razón de ser no tempo, detectar o que é importante na vida deles mesmos e explicalo como produto cultural”.

Este concepto está moi vinculado ó valor do patrimonio. Un ben patrimonial perdería o seu significado cultural cando este se volve obsoleto ou cando se abandona, provocando que estes se desvaloricen, favorecendo tamén a súa desprotección e a perda do patrimonio cultural (MANZINI, 2011: 28).

Aplicado ó Parque do Pasatempo, a Asociación de Amigos tentaría dotar ó Parque desta razón de ser, de explicalo como produto cultural fronte ás institucións, que dende os anos 80 practican un abandono funcional deste ben patrimonial, desvalorándoo e desprotexéndoo e, en consecuencia, perdendo este significado cultural.

O significado cultural do patrimonio na conservación debese protexer, transmitir e interpretar correctamente. Este valor abrangue múltiples facetas: a histórica, a social, a política, a espiritual e a artística, que integran o que podería chamarse a singular particularidade dos bens patrimoniais, produto da sociedade que lle deu orixe e á que pertencen (MANZINI, 2011: 28).

Por exemplo, dende a Asociación inténtanse rebater moitos mitos incertos que quedaron no imaxinario popular, como a falsa crenza de que o parque foi un campo de tiro, cousa que sabemos que non pasou facendo unha comparativa entre as fotografías que chegaron a nos anteriores e posteriores á Guerra Civil.

Desmontar os mitos acerca dos bens é indispensable, pois debe recoñecerse dun xeito documentado e coidadoso, para que o significado cultural que se transmite sexa veraz, pois este

conforma construcións conceptuais que dan corpo á identidade dunha sociedade. É importante, paralelamente, destacar que para determinar o significado cultural é necesario efectuar estudos pluri e/ou interdisciplinarios, coma os antropolóxicos, sociolóxicos, artísticos, etc. Estes estudos permiten abordar o significado en maior profundidade e enriquecelo por distintos enfoques.

Isto é o que fai a Asociación de Amigas do Pasatempo dende a Revista Casa dos Espellos, as conferencias, o blogue e as diversas publicacións en outras canles divulgadoras e difusoras do patrimonio, dotando así ó parque de documentación científica interdisciplinar.

A conservación do patrimonio son o conxunto de procesos e actividades que se encargan de tutelar e preservar os bens dos cales os significados constitúen o legado cultural dos pobos que lles deron orixe. Estes bens son testemuña constitúen testemuña e máxima expresión das culturas ás que pertencen (MANZINI, 2011: 30).

## 5. O Pasatempo na actualidade

A día de hoxe o parque do pasatempo está nunha situación similar. Certas institución a nivel nacional tomaron conciencia do estado do parque, incluíndoo na *Lista roja de patrimonio* por parte de Hispania Nostra. Mais sen unha declaración non está amparado pola lei, polo tanto non hai delito. Non está aínda declarado BIC, aínda que sí incoado. Mentres, está nunha situación de standby, onde as institución non fan nada para frenar o seu deterioro, ou mais ben o contrario, senón que foron culpables de derrubamentos por non tomar as precaucións necesarias, incumprindo novamente a Carta de Florencia.

Quedaron á marxe moita historia do parque por falar, como foron as reformas levadas a cabo polo concello unha vez mercado o parque cun sistema de traballo parecido ó que empregara no seu día D. Juan, as escolas taller. Mais de novo a falta de estudo provocou danos que a día de hoxe non se sabe se se van poder reparar, coma plantar árbores cuxas raíces están debilitando os teitos das covas.

A consecuencia dos derrubamentos dos anos 80 e da posterior construción do campo de fútbol e dun parque infantil cun estanque e un labirinto e incluso algúns animais exóticos coma no caso do zoolóxico que existira na parte derrubada, na memoria das novas xeracións non hai constancia do que foi realmente o parque do pasatempo.

## Bibliografía

### ARCAY BARRAL, A.

- *O Parque do Pasatempo de Betanzos. Narrativas para comprender un patrimonio profano*, Masonica.es, Oviedo, 2018.

### CANEDO BARREIRO, M. e REY CABEZUDO, M.

- “Visitando el Oriente. El Parque del Pasatiempo. Una guía de viajes en cemento”. En *El Grego en su IV Centenario: Patrimonio hispánico y diálogo intercultural*. Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, Castilla-La Mancha, 2016, pp. 591-608.

### CABANO, I.; PATO, M. L. e SOUSA, X.

- «*El Pasatiempo*»: *o capricho dun indiano*. Edición do Castro, Sada, 1991.

### INSTITUTO NACIONAL DE CULTURA DEL PERÚ

- *Documentos Fundamentales para el Patrimonio Cultural. Textos internacionales para su recuperación, repatriación, conservación, protección y difusión*, Lima, 2007.

### MANZINI, L.

- “El significado cultural del patrimonio”, en *Estudios del patrimonio cultural*. SERCAM, Servicios Culturales y Ambientales, S.C., Valladolid, 2011, pp. 27-42.

### NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, J. R.

- (17/02/1986). [Carta presentada no Concello de Betanzos]. Disponible en: [<http://www.cronistadebetanzos.com/informe-sobre-la-finca-el-pasatiempo/> Consulta: 30/06/2019]
- (15/04/2017). El Pasatiempo de Betanzos: Imágenes de un desatino (II). Betanzos. Sitio Web del Cronista Oficial de Betanzos. Disponible en: <http://www.cronistadebetanzos.com/el-pasatiempo-de-betanzos-imagenes-de-un-desatino-ii/> (Consultado o 30/06/2019)
- (16/04/2017). El Pasatiempo de Betanzos: Imágenes de un desatino (III). Betanzos. Sitio Web del Cronista Oficial de Betanzos. Disponible en: <http://www.cronistadebetanzos.com/el-pasatiempo-de-betanzos-imagenes-de-un-desatino-iii/> (Consultado o 30/06/2019)

Quórum: Revista de Artes, Letras e Ciências Sociais e Xurídicas, 2019, 2, pp. 81-101  
Sara Fraga Pérez

**RODRÍGUEZ ARNAO, J. A.**

- “Placas en Honor a los Hermanos García Naveira y sus obras”. *Casa dos Espellos*, 2 (2019), pp. 52-67, ISSN 2603-9583.